

MARÍA JESÚS ROMERO CHILLÓN, SECRETARIA DO CONCELLO DE VILARDEVÓS (OURENSE)

CERTIFICO:

Que O Pleno municipal en sesión ordinaria do 25 de maio de 2026, adoptou o seguinte ACORDO:

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACCESO AS VIVENDAS MUNNICIPAIS DESTINADAS A VIVENDAS SOCIAIS CARÁCTER SOCIAL

Vista a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por acceso as vivendas municipais destinadas a vivendas sociais do Concello de Vilardevós , publicada a súa aprobación definitiva no Bop de Ourense n.º 3 DE 07/05/2026.

Considerando á necesidade de axustar os tramos fixados para determinar o canon a pagar procede modificar a sinalada Ordenanza,nos términospropostos pola Traballadora social:

O Artigo 6 Cota tributaria

1. A cota tributaria a satisfacer polos suxeitos pasivos será:

O canon mensual que virá determinado atendendo á a capacidade económica da unidade de convivencia.

Esta capacidade económica virá determinada tal e como establece o artigo 5 punto 4 da Ordenanza reguladora do uso das vivendas sociais.

Establecendo os seguintes tramos:

1. Entre o 0.75% e o 0.95% do IPREM: 75€/mes
2. Entre o 0.95% e o 1.10% do IPREM: 100€/mes
3. Entre o 1.10% e o 1.30% do IPREM: 150€/mes
4. Superior ao 1.30% do IPREM: 200€/mes

*IPREM: O indicador público de Renda de efectos múltiple do ano en vigor por 14 pagas.

2. Nos casos nos que non se cumpran os ingresos mínimos da unidade de convivencia establecidos no artigo 3 punto 8 da Ordenanza reguladora do uso das vivendas sociais, pasará a estar nunha situación de necesidade social e, por tanto o canon para pagar fixarase segundo o ingresos netos da unidade de convivencia achegando un 20% dos mesmos. Esta situación poderá ser revisada segundo os criterios sociais.

3. A cota se prorrateará por días naturais no mes de comezo da cesión e en casode cesamento ou extinción da cesión, o suxeito pasivo terá dereito á devolución de ingresos polos que correspondan aos días que resten ata o final do mes en que se produza o desaloxo total da vivenda.

4. Con carácter xeral, o canon mensual será o prevista na Ordenanza, incrementáanse anualmente segundo o IPC (índice de prezos ao consumo).



Proponse o seguinte texto:

Artigo 6 Cota tributaria

1. A cota tributaria a satisfacer polos suxeitos pasivos será:

O canon mensual que virá determinado atendendo á a capacidade económica da unidade de convivencia.

Esta capacidade económica determinarase dividindo os ingresos totais da unidade familiar polo número de membros da unidade familiar

Establecendo os seguintes tramos:

- 1.-Ata o 74% do IPREM : 55€ /mes
2. Entre o 0.75% e o 0.94% do IPREM: 75€/mes
3. Entre o 0.95% e o 1.09% do IPREM: 100€/mes
4. Entre o 1.10% e o 1.30% do IPREM: 150€/mes
5. Superior ao 1.30% do IPREM: 200€/mes

*IPREM: O indicador público de Renda de efectos múltiple do ano en vigor por 14 pagas.

2. A cota se prorrata por días naturais no mes de comezo da cesión e en casode cesamento ou extinción da cesión, o suxeito pasivo terá dereito á devolución de ingresos polos que correspondan aos días que resten ata o final do mes en que se produza o desaloxo total da vivenda.

3. Con carácter xeral, o canon mensual será o prevista na Ordenanza, incrementáanse anualmente segundo o IPC (índice de prezos ao consumo).

Visto que, emitiuse informe xurídico e económico en exercicio da función de asesoramento legal preceptivo comprobándose a viabilidade e legalidade do proxecto proposto de acordo coa normativa que resulta de aplicación.

Proponse ao Pleno desta Entidade de acordo co previsto no artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, previa deliberación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por acceso as vivendas municipais destinadas a vivendas sociais do Concello de Vilardevós nos termos do proxecto que se anexa ao expediente.

SEGUNDO. Expor ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, dentro do cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica desta entidade [*dirección <https://vilardevos.sedelectronica.gal>*].

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, con base no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



CUARTO. Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

E para que conste expido o presente certificado co visto e praxe da Sra. Alcaldesa-Presidenta D^a Tamara Balboa García , cas salvedades do artigo 206 do ROF,, en Vilardevós na data da sinatura.

Visto e praxe

A Alcadesa

A Secretaria

Asdo.- Tamara Balboa García

